

## Certificado

---

Asunción Sardón Blanco, secretaria xeral do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno, que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2012, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

#### "Punto 6.- Aprobación, se procede, da "Rede de Camiños Públicos Municipais"

"A rede de camiños municipais actual aprobouse polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985, unha vez aprobado o primeiro Plan Xeral de Urbanismo. Nestes vinte e cinco anos tense producido unha transformación do municipio, froito das dúas revisións posteriores do Plan Xeral, a de 1995-1997 e a recentemente aprobada pola Orde de 11 de marzo de 2009, que permitiu dotar, mellorar e completar as infraestruturas de servizos, entre elas as redes de estradas, vias e rúas do municipio. Agora ben a definición de camiño como: "franxa de terreo para transitar dun lugar a outro" (Dicionario de galego de Ir Indo), comprende calquera vía (camiño de servidume, camiño de servizo, camiño privado, camiño de acceso á praia, camiños e vias rurais, etc) pero con rexímenes xurídicos distintos o que ten incidencia na ordenación territorial, a edificación e o asentamento da poboación, son unicamente edificables os solos urbanos que dan fronte -non a calquera camiño- senón a vía pública. Isto foi obxecto de pleitos co Concello pois se ben é certo que existe unha presunción de camiño público respectada polos veciños para o paso de redes de infraestrutura (saneamento, telecomunicacións, etc) sen embargo para o outorgamento de licenzas de edificación e parcelación, prodúcense conflitos veciñais e coa Administración, en orde á titularidade do camiño a que dan fronte os terreos. A causa do conflito quizais débese a que en Galicia houbo un tipo de asentamento rural tradicionalmente disperso, de xeito que os antigos camiños de servidumes e de servizos para predios ao servizo da mobilidade das persoas para realizar actividades de desenvolvemento rural, a medida que esta sociedade agrícola desaparece e transforma (seu territorio ocúpase por áreas urbanas) tamén aqueles camiños convértese funcionalmente en estradas, vías urbanas, rúas, sen embargo nalgúns supostos seguen figurando en títulos de propiedade como camiños de servidume e /ou de servizos, de natureza xurídica privada.

En consecuencia a acreditación documental dos camiños é unha cuestión que vai adquirindo cada vez maior relevancia na lexislación urbanística. Por isto ordenouse a elaboración dos traballos necesarios para a actualización da rede de camiños e o día 6 de outubro de 2010 formalizouse contrato administrativo coa Empresa "DITECAR CARTOGRAFIA Y TOPOGRAFIA S.L" para a elaboración da rede de camiños públicos de titularidade municipal con arranxo ao prego de condicións e prescricións técnicas. Por Resolución da Alcaldía nº 980/11 de 10 de marzo de 2011, tomouse coñecemento da documentación e resolveuse expoñela ao público durante o prazo de 20 días, iniciándose o 16 de marzo de 2011.

A exposición foi visitada por moitos cidadáns e facilitóuselles a presentación de alegacións a través de formulario tipo e copias de planos. Presentáronse 92 alegacións (inclúe as dos Servizos Técnicos Municipais); 47 solicitando a exclusión parcial da rede de camiños municipais; 18 solicitando a incorporación dos camiños existentes na rede; 8 de corrección de trazado e 19 sobre outros contidos.

As alegacións presentadas, a participación dos membros da corporación coñecedores dos recunchos de cada Parroquia e incluso a constatación sobre terreo, permitiron depurar os traballos que foron obxecto de exposición pública.

Consta informe emitido pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos de data 16.01.12 resolvendo as alegacións presentadas e concluíndo en sentido favorable á aprobación da rede de camiños de titularidade municipal. Por isto, ao Pleno do Concello propónse a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Resolver as alegacións presentadas co contido que figura na seguinte relación:



Id	NUMERO ENTRADA	DATA	APELIDOS E NOME	PROPOSTA RESOLUCIÓN	MOTIVO
1	2011004258	23/03/11	COMISKEY, MAUREEN ELIZABETH	ESTIMAR	Na escritura indicase que o camiño é de servidume ao seu paso polo terreo. Catastralmente está incluído dentro da parcela e non figura na rede viaria 1985.
2	2011004384	24/03/11	AÑON PEREIRO, CARLOS	NO CONSTITUYE ALEGACION	Non se xustifica a alegación, unicamente solicita a memoria sobre todo no referente ao vial 938. Non constitúe alegación propiamente dita e entregouse copia do solicitado.
	2011004462	25/03/11	PORTELA FERNANDEZ, JOSE	DESESTIMAR	Solicítase a modificación da alinación do PXOM para desafectar a súa vivenda. O inventario non fixa anchos de rúa, unicamente determina que camiños son municipais.
4	2011004608	28/03/11	PAZOS VILLAVERDE, MARIA MONSERRAT	ESTIMAR	O tramo que solicita apréciase que é privado. PROCEDE ELIMINAR O VIAL 90392 no ámbito de parcelas catastrais 6250104 e a 6250105
5	2011004720	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	ESTIMAR	O vial 720 é de titularidade provincial (DP-5809). Tamén se indica na alegación dos técnicos municipais. O vial 643 segundo o alegante tamén é de titularidade provincial (DP-5806). PROCEDE GRAFIAR COMO VIAIS PROVINCIAIS.
6	2011004721	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	ESTIMAR	Segundo se indica na alegación, que declara como público o tramo ata a praia de Canabal. GRAFIAR O VIAL PROLONGANDO ATA A PRAIA.
7	2011004723	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	DESESTIMAR	O tramo que se solicita, por onde discorre un colector de saneamento e unha canalización de auga municipal. Trátase dunha servidume de conducción de tuberías pero non constitúe camiño.
8	2011004724	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	ESTIMAR	Indicase que o camiño é público ata as últimas vivendas produto dunha cesión de viais realizada ao Concello. Este tramo tamén se recolle na alegación 99999 dos técnicos municipais. GRAFIAR A PROLONGACION DO VIAL 796.
9	2011004725	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	DESESTIMAR	O camiño non está na Rede de 1985 e no Catastro 1956-57. Vese claramente que é un camiño de servizo. PROCEDE ELIMINALO.
10	2011004726	29/03/11	ROMERO CAJIGAL, DANIEL	ESTIMAR	Indicase que o camiño é produto dunha cesión de viais realizada ao Concello. Este tramo tamén se recolle na alegación 99999 dos técnicos municipais. Ten auga, sumidoiro, alumeado público e está asfaltado. Manteno Servizos Municipais. DEBE GRAFIARSE COMO PUBLICO.



CONCELLO DE  
OLEIROS

11	2011004752	30/03/11	GALIBROKERS S.L	ESTIMAR	O tramo que solicita apréciase que é privado. PROCEDE ELIMINAR O VIAL 90392.
12	2011004814	30/03/11	LOUREDA ORRO, AGUSTIN	ESTIMAR	O alegante declara que o camiño non é público no seu tramo rústico. O Departamento de Servizos Municipais unicamente mantén o tramo urbano do camiño. PROCEDE CONSIDERAR PUBLICO UNICAMENTE O TRAMO URBANO.
13	2011004831	31/03/11	DANS CAÑAS, JOSE	ESTIMAR PARCIALMENTE	Só parte da sección do camiño é pública por cesión en expediente de parcelación 6/10.
14	2011004861	31/03/11	LOPEZ DIAZ, JUAN ANTONIO	ESTIMAR	PROCEDE INCORPORAR O TRAMO URBANO NA REDE DE CAMIÑOS.
15	2011004914	01/04/11	GARCIA FERNANDEZ, ANTONIO	DESTIMAR	O camiño 90481 constitúe unha ruta de sendeirismo. O 10513 estaba inventariado no 85 e é camiño de carro. A ESCRITURA ALUDE A CAMIÑO DE CARRO, POR TANTO CAMIÑO PUBLICO E ADEMAIS FORMA PARTE DE RUTA MUNICIPAL DE SENDEIRISMO. É MANTIDO POLA XUNTA DE GALICIA E/OU POLO CONCELLO CON SUBVENCION DA XUNTA.
16	2011004916	01/04/11	GARCIA FERNADNEZ, ANTONIO	DESTIMAR	O camiño 90481 constitúe unha ruta de sendeirismo. O 10513 estaba inventariado no 85 e é camiño de carro. A ESCRITURA ALUDE A CAMIÑO DE CARRO, POR TANTO CAMIÑO PUBLICO E ADEMAIS FORMA PARTE DE RUTA MUNICIPAL DE SENDEIRISMO. É MANTIDO POLA XUNTA DE GALICIA E/OU POLO CONCELLO CON SUBVENCION DA XUNTA.
17	2011004919	01/04/11	GARCIA FERNANDEZ, ANTONIO	DESESTIMAR	o camiño está inventariado no 85, e existía no catastro de 59. ADQUIRIDO POR PRESCRICION ADQUISITIVA Art.1957 do Código Civil.
18	2011004920	01/04/11	GARCIA FERNANDEZ, ANTONIO	ESTIMAR PARCIALMENTE	O camiño está inventariado no ano 85 en parte do seu trazado, pero na documentación obsérvase que é de servizo. Eliminar en parte o unlon co 902.
19	2011005021	04/04/11	PARDO PEREZ, JACINTO	ESTIMAR	Na escritura indícase que a súa parcela linda con camiño de servizo. O alegante aclara que esta disposto a ceder a súa parte ao Concello, sempre e cando tamén o fagan os veciños ESTA EN AMBITO DE SUND-12, PENDENTE DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO, POR TANTO CORREXIR TRAZADO: ELIMINAR A PARTE QUE DISCORRE POR RUSTICO OU SUND-12.
20	2011005049	04/04/11	GAREA GESTAL, PEDRO	DESESTIMAR	O camiño está inventariado no ano 85, e existe informe (que se xunta) da titularidade pública deste. TEN AUGA, SUMIDOIRO, ASFALTADO E ALUMEADO. MANTENO SERVIZOS MUNICIPAIS, CONSTITÚE A RUA DA GOBERNA, POR TANTO
21	2011005066	04/04/11	MACEIRAS DOLDAN,	ESTIMAR.	O camiño morre no peche de acceso á súa parcela, tal e como se aprecia en cartografía. ELIMINAR



CONCELLO DE  
OLEIROS

			OLGA		PARCIALMENTE.
22	2011005070	04/04/04	PIÑEIRO LONGUEIRA, MARIA CARMEN	ESTIMAR	DEIXASE A PARTE QUE CONSTA COMO PUBLICO NO CATASTRO POR EXISTIR UN BOMBEO MUNICIPAL ELIMINANDOSE A PARTE FINAL POR SER PRIVADO. PROCEDE ELIMINAR O CAMIÑO 402 POR TRATARSE DE CAMIÑO PRIVADO.
23	2011005090	04/04/11	DE LA FUENTE LOPEZ, MARIA DE LOS ANGELES	ESTIMAR	O camiño chega ata a súa propiedade, no inventario márcase dentro desta. Deberíase excluír a totalidade do ramal que accede á súa vivenda ELIMINAR PARTE DO VIAL QUE SE ADENTRA NA SÚA PROPIEDAD, É PUBLICO A PARTIR DO PECHÉ, ZONA GRAFIADA EN VERDE NA ALEGACION PRESENTADA.
24	2011005125	05/04/11	REY*RAMOS, MANUEL	ESTIMAR	O camiño está inventariado no ano 85, pero na documentación indicase que se trata dunha servidume de paso. Non existe no catastro actual, non obstante no catastro do 58 si existe o camiño ao seu paso polas parcelas do solicitante. PROCEDE ELIMINAR VIAL Nº 10047.
25	2011005128	05/04/11	PEREZ CASTRO, MARIA ELISA	ESTIMAR	O camiño esta inventariado no ano 85 pero non existen na realidade. ELIMINAR VIAL 10194
26	2011005131	05/04/11	BLAS GARCIA, ROGELIO	ESTIMAR	Na documentación indicase que o camiño se crea para dar servizo ás parcelas. ELIMINAR.
27	2011005137	05/04/11	PORTELA PORTELA, MARIA	ESTIMAR	O camiño ao seu paso polo seu terreo non existe. ERRO POSTO QUE FORMA PARTE DE FINCA CATASTRAL. ELIMINAR parte final do VIAL 10045
28	2011005143	05/04/11	RODRIGUEZ GARCIA, PAULA	DESESTIMAR	A alegante solicita a modificación do ancho previsto do camiño no PXOM. Non alega nada sobre a titularidade municipal deste. TRATASE DE CAMIÑO QUE FIGURA NA REDE 1985, O ANCHO É O QUE ESTABLECE O PXMO, É DICIR, 6 m. A REDE DE CAMIÑOS É UN INVENTARIO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS. O ANCHO DOS VIAIS É EN SOLO URBANO CORRESPONDE FIXALO AO PXMO A TRAVES DAS ALIÑACIÓNS.
29	2011005194	05/04/11	PEDREIRA GARCIA, ENRIQUE	ESTIMAR PARCIALMENTE	A documentación que presenta non corresponde coa situación do camiño 90392. O CAMIÑO NON FIGURABA NA REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE 1985. PRESUMIUSE COMO PUBLICO POSTO QUE CATASTRALMENTE ASI FIGURA, ESTA EN ZONA RUSTICA. SO MANTENSE COMO PUBLICO O ACCESO ÁS EDIFICACIÓNS EXISTENTES, O RESTO ELIMINASE.
30	2011005230	06/04/11	DIAZ GARCIA, JOSE MANUEL	ESTIMAR	O camiño está inventariado no ano 85, pero na documentación indicase que se trata dunha servidume de paso. Non existe no catastro actual, non obstante no catastro do 58 si existe o camiño ao seu paso polas parcelas do solicitante, polo que debe presumirse de servizos das fincas. A alegacion esta relacionada coa 24 no mesmo senso. Está no ambito do SUND-1 e ao ser varios os propietarios que solicitan a exclusión procede ELIMINAR O VIAL 10047.
31	2011005243	06/04/11	ROCHA PAZOS, EDUARDO	DESESTIMAR	FORMA PARTE DA RUTA MUNICIPAL DE SENDEIRISMO, POLO QUE É MANTIDO POLA XUNTA E /OU CONCELLO CON SUBVENCION.



CONCELLO DE  
OLEIROS

32	2011005253	06/04/11	POL LOPEZ, DOLORES POL LOPEZ, CANDIDO	ESTIMAR	É público na zona de solo urbano segundo o PXMO
33	2011005257	06/04/11	ORRO FERNANDEZ, ROSA MARIA	ESTIMAR	Na escritura de indica que o camiño é de servidume ao seu paso polo terreo.ELIMINAR PARTE DO VIAL 10516 DESDE O CRUCE ATA PASADA A FINCA.
34	2011005265	06/04/11	SEIJO LONGUEIRA, TRINIDAD	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz". ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
35	2011005266	06/04/11	RIOBOO FONTENLA, JOSE LUIS	DESESTIMAR	O propietario solicita a inclusión dun tramo de camiño ao inventario sen achegar ningunha documentación que demostre que é público. ESTA EN SOLO RUSTICO E NON FIGURA NA REDE DE 1985.
36	2011005268	06/04/11	MENDEZ COUSO, JOSE MARIA-- MOURELO ALVAREZ, SALVADOR--- VARIOS	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz" ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
37	2011005270	06/04/11	MOURELO ALVAREZ, SALVADOR	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz" ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
38	2011005272	06/04/11	VAZQUEZ MENDEZ, MARTA	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz"ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
39	2011005273	06/04/11	MENDEZ COUSO, JOSE MARIA	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz" ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
40	2011005275	06/04/11	BOTANA VILAR, MARIA TRINIDAD	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz"ELIMINAR VIAL 50 SEN PREXUIZO DE SERVIDUMES DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES.
41	2011005278	06/04/11	PORTO PAZOS, JOSE JUAN	ESTIMAR	Solicita entrada a terreo dende o camiño público nº 681 (rúa do Graxón). O PXMO DESTINAO A CAMIÑO PUBLICO CUXA OBTENCION COMPLETASE CON CESIÓNS EN SOLO URBANO.
42	2011005314	06/04/11	GONZALEZ VEIGUELA, PEDRO	ESTIMAR	Na escritura indicase que o camiño é unha servidume de paso. NO CATASTRO 1956-57 NON EXISTIA O CAMIÑO. É UNHA SERVIDUME. ELIMINAR RAMAL DO VIAL 851 SEN PREXUIZO DE SERVIDUME DE INFRAESTRUTURAS SERVIZOS MUNICIPAIS.
43	2011005331	06/04/11	PARADA PITA, ERNESTO	ESTIMAR	Na escritura indicase que o camiño é unha servidume de paso. NO CATASTRO 1956-57 NON EXISTIA O CAMIÑO. É UNHA SERVIDUME. ELIMINAR RAMAL DO VIAL 851 SEN PREXUIZO DE SERVIDUME DE INFRAESTRUTURAS SERVIZOS MUNICIPAIS.



CONCELLO DE  
OLEIROS

44	2011005332	06/04/11	SOBRADO CARREIRAS, GERARDO JESUS	ESTIMAR	Na escritura indicase que o camiño é unha servidume de paso. NO CATASTRO 1956-57 NON EXISTIA O CAMIÑO. É UNHA SERVIDUME. ELIMINAR RAMAL DO VIAL 851 SEN PREXUIZO DE SERVIDUME DE INFRAESTRUTURAS SERVIZOS MUNICIPAIS.
45	2011005342	06/04/11	PONTE FERNANDEZ, MANUEL	ESTIMAR	O camiño en realidade é unha parcela rústica que serve de acceso ás parcelas lindantes. EXCLUIR VIAL 90002 CONSTITÚE UNHA CONEXIÓN DO SUND 1 QUE SE OBTERÁ CO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO.
46	2011005363	07/04/11	PAZ SOTO, ROMAN FRANCISCO	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como servidume de paso para o resto do terreo matriz. NO CATASTRO 1956-57 NON EXISTIA O CAMIÑO. TRÁTASE DUNHA SERVIDUME. PROCEDE ELIMINAR RAMAL DO VIAL 851 SEN PREXUIZO DE SERVIDUME DE INFRAESTRUTURAS SERVIZOS MUNICIPAIS.
47	2011005372	07/04/11	ALBAINA ORBE, AMBROSIO EUGENIO	ESTIMAR	O camiño está inventariado no ano 85, pero apréciase que non existe no seu paso polo terreo da súa propiedade, nin está catastrado no ano 59. ELIMINAR NO TRAMO DE SUND-46 E MANTER EN CABECEIRAS DE TRAMO URBANO
48	2011005395	07/04/11	PEREZ ARIAS, SANTIAGO	ESTIMAR	Na escritura figuran os lindes como camiños veciñais e camiño de carro. INCLUIR O TRAMO DE URBANO QUE FIGURA EN PLANO DE CATASTRO XUNTO Á ALEGACION
49	2011005427	07/04/11	GARCIA NIETO, JOSE MANUEL	ESTIMAR	Trátase de 8 parcelas na Rúa Avelino Cachafeiro n.º 38 a 52, que se segregaron dun terreo matriz. Na escritura figura o camiño como "servidume de paso para o resto do terreo matriz" NO CATASTRO 1956-57 NON EXISTIA O CAMIÑO. TRÁTASE DUNHA SERVIDUME. PROCEDE ELIMINAR RAMAL DO VIAL 851 SEN PREXUIZO DE SERVIDUME DE INFRAESTRUTURAS SERVIZOS MUNICIPAIS.
50	2011005466	08/04/11	VAZQUEZ GOMEZ, SOLEDAD- GALEGO VAZQUEZ, JOSEFA E JOSE BENIGNO	ESTIMAR	Achega documentación que demostra que non é público. NON ESTA INCLUIDO NIN NA REDE 1985 NIN NO CATASTRO DE 1956-57. PROCEDE EXCLUILO.
51	2011005469	08/04/11	GARCIA FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	ESTIMAR	Apréciase tanto no catastro do 59 coma na cartografía o trazado proposto. E CORRIXIR.
52	2011005471	08/04/11	ILLANES EIROA, MARIA TERESA	DESESTIMAR PARCIAL	O CAMIÑO APARECE NA REDE 1985 E CATASTRO 1956-57. EXISTE NA REALIDADE AO REDOR DA IGREXA DE DEXO NO PERIMETRO DO CEMITERIO.
53	2011005475	08/04/11	CANDAL GARCIA, SUSANA	ESTIMAR	Apréciase tanto no catastro do 59 coma na cartografía o trazado proposto. E CORRIXIR.
54	2011005480	08/04/11	BARREIRO AREVALO, MANUEL	ESTIMAR	PROCEDE ELIMINAR VIAL 90455. ESTA EN SUND-1 E TRÁTASE DE CAMIÑO DE SERVIZO AS FINCAS.
55	2011005481	08/04/11	BARREIRO AREVALO, MANUEL	ESTIMAR	A parcela non limita con camiño por ningún dos seus lindes. ELIMINAR VIAL 90395. NON FIGURA NA REDE 1985 ESTA EN AMBITO DE SUND.



CONCELLO DE  
OLEIROS

56	2011005486	08/04/11	SUAREZ LOPEZ, LUISA ( VARIOS)	ESTIMAR	COMO VIAL PUBLICO NO TRAMO URBANO. COMPLETARASE CON CESIÓNS DE SOLO URBANO SIMULTÁNEAS Á EDIFICACION. ELIMINAR RESTO CAMIÑO DE SERVIZO A FINCAS EN SOLO RÚSTICO.
57	2011005488	08/04/11	SOLORZANO MIRANDAD, EDUARDO	ESTIMAR	FIGURA NA REDE DE CAMIÑOS APROBADA POR CONCELLO PLENO 14 NOV 1985 ADQUIRIDO COMO PUBLICO POR PRESCRICION ADQUISITIVA ART.1957 CC E CONSERVACION E MANTEMENTO POLO CONCELLO.
58	2011005489	08/04/11	SOLORZANO MIRANDA, EDUARDO	ESTIMAR	PROCEDE GRAFIAR OS PASEOS MARITIMOS EN PLANOS DA REDE DE CAMIÑOS. SON DE TITULARIDADE PUBLICA TERREOS ADQUIRIDOS POR EXPROPIACION E POR CESION URBANISTICA (CONVENIOS).
59	2011005490	08/04/11	SOLORZANO MIRANDA, EDUARDO	DESESTIMAR	Non aporta documentación que soporte a súa solicitude. É UN CAMIÑO OBTIDO PARCIALMENTE POR CESION COA EDIFICACION DAS PARCELAS COLINDANTES POR OBRIGA DE CEDER EN SOLO URBANO.
60	2011005492	08/04/11	BALADO CIVES, XABIER	ESTIMAR	Apréciase tanto no catastro do 59 coma na cartografía o trazado proposto. No mesmo senso as alegacións 51 e 53. CORRIXIR.
61	2011005494	08/04/11	GARCIA GARCIA, MANUEL	DESESTIMAR	Non aporta documentación que soporte a súa Non figura nin na REDE 1985 nin no CATASTRO do 56.
62	2011005501	08/04/11	GARCIA BAO, GERMAN	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
63	2011005502	08/04/11	BAO PREGO, MARIA VICTORIA	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
64	2011005505	08/04/11	GARCIA BAO, GERMAN	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
65	2011005507	08/04/11	GARCIA BAO, OSCAR	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
66	2011005508	08/04/11	BULLON MORENTE, MARIA DE LOS ANGELES	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
67	2011005510	08/04/11	GARCIA AREVALO, MAIRA ESTHER	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.



CONCELLO DE  
OLEIROS

68	2011005511	08/04/11	MAROÑO OTERO, MARIA DOLORES	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume nos títulos da alegación nº 70.
69	2011005512	08/04/11	FERNANDEZ SUAREZ, MARIA CONCEPCION	ESTIMAR	O camiño chega ata a edificación indicada na alegación. PROCEDE CORRIXIR ELIMINANDO O FINAL (EN VERMELLO) DO TRAZADO E MANTER O PINTADO EN AZUL SEGUNDO FOTO APORTADA.
70	2011005513	08/04/11	DE LA IGLESIA MONTERO, MANUEL	DESESTIMAR	Non está incluído na Rede Viaria de 1985 nin no Catastro de 1956-57. Figura como servidume no título aportado.
71	2011005377	07/04/11	LOPEZ NEIRA, NAZARIO	ESTIMAR	Na documentación indícase que a súa parcela limita con terreos particulares. NON FIGURA NO CATASTRO DE 1956-57 NIN NA REDE VIARIA DE 1985. PROCEDE ELIMINAR O VIAL 292 NO FRONTE DA SÚA PARCELA.
72	2011005380	07/04/11	FEIJOO SANTOS, AURORA	ESTIMAR	Ainda que no PXOM se inclúe este tramo de vial, o camiño non existe. FORMA PARTE DE PARCELAS DE URBANIZACION URIOSTE, O VIAL NON EXISTE COMO TAL. ELIMINAR.
73	2011005412	07/04/11	SANCHEZ GARCIA, MANUEL	ESTIMAR	O tramo que solicita apréciase que é privado. PROCEDE ELIMINAR O TRAMO DO VIAL 292 NO FRONTE DA PARCELA CATASTRAL 5640107.
74	2011005416	07/04/11	RIOS PORTO, MARIA LUISA	ESTIMAR	O tramo que solicita apréciase que é privado. PROCEDE ELIMINAR O VIAL 90392 NO AMBITO DAS PARCELAS CATASTRAIS 6250104 e 6250105°. NO MESMO SENSO AS ALEGACIONES Nº 4 E Nº 11.
75	2011005418	07/04/11	PAZOS MACEIRA, URSULA	DESESTIMAR	No catastro do ano 56 o camiño chega ata a súa propiedade, e está inventariado na súa totalidade no ano 85. ADQUIRIDA POR PRESCRICION ADQUISITIVA ART. 1957 CC
76	2011005419	07/04/11	PAZOS MACEIRA, URSULA	ESTIMAR	O camiño esta inventariado no ano 85. É VIAL PUBLICO O TRAMO URBANO O RESTO DISCORRE POR SOLO RUSTICO. O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS MUNICIPAIS UNICAMENTE MANTEN O TRAMO URBANO
77	2011005432	07/04/11	FARIÑA SUAREZ, CRISTINA	ESTIMAR	Achega documentación que demostra que non é público. NON FIGURA COMO PUBLICO NA REDE 1985 NIN NO CATASTRO DE 1956-57.
78	2011005483	08/04/11	BLANCO MONTERO, MAIRA SUSANA	DESESTIMAR	SEGUNDO DOCUMENTACION LINDABA CO CAMINO DE CARRO, FIGURA NO CATASTRO DE 1956-57. A SERVIDUME DA DOCUMENTACION ESTA NO INTERIOR DA FINCA PARA ACCESO A VIVENDA POSTERIOR. SAIDA MERCADONA E PARTE POSTERIOR URBANIZACION.
79	2011005484	08/04/11	MONTERO NUÑEZ, AURORA	DESESTIMAR	SEGUNDO DOCUMENTACION LINDABA CO CAMINO DE CARRO, FIGURA NO CATASTRO DE 1956-57. A SERVIDUME DA DOCUMENTACION ESTA NO INTERIOR DA FINCA PARA ACCESO A VIVENDA POSTERIOR. SAIDA MERCADONA E PARTE POSTERIOR URBANIZACION.
80	2011005635	11/04/11	PEDREIRA DOLDAN, ENRIQUE	ESTIMAR	Na documentación indícase que a súa parcela limita con camiño de servizo. PROCEDE ELIMINAR VIAL.





CONCELLO DE  
OLEIROS

81	2011005636	11/04/11	LOPEZ PEREZ, JAIME	DESESTIMAR	O inventario non determina anchos de via. NO CATASTRO FIGURA COMO PUBLICO NON FORMANDO PARTE DE FINCA NINGUNHA. NON OBSTANTE CO DESENVOLVEMENTO DO POL-5 E A VISTA DOS TITULOS SI SE ACREDITA COMO PRIVADO ENTREGARANSE OS APROVEITAMENTOS QUE CORRESPONDAN.
82	2011005637	11/04/11	GARCIA SABIO, FRANCISCO JOSE	ESTIMAR	O tramo que solicita apréciase que é privado PROCEDE ELIMINAR VIAL 295.
83	2011005639	11/04/11	DANS MONTTES, DANIEL	ESTIMAR	ESTIMAR E ELIMINAR VIAL 90299
84	2011005774	13/04/11	LAZO VILARIÑO, DIEGO FRANCISCO	DESESTIMAR	Non aporta documentación que xustifique a súa solicitude.
85	2011005796	13/04/11	LOPEZ GONZALEZ, ROBERTO	DESESTIMAR	NON APORTA TITULO NINGUN QUE SUSTENTE QUE O CAMIÑO É PUBLICO.
86	2011005373	07/04/11	COBIAN FERNANDEZ DE LA FUNTE, PABLO	TOMAR COÑECEMENT O	ALEGA QUE EXISTEN CAMIÑOS MUNICIPAIS QUE SE RECOLLEN COMO CAMIÑOS PUBLICOS PERO QUE SON PRIVADOS, PERO NON APORTA NINGUNHA DOCUMENTACIÓN QUE O SUSTENTE. A RESOLUCION DE ALEGACIÓNS E COMPROBACIÓNS SOBRE TERREO CORRIXEN OS ERROS.
87	2011005750	13/04/11	CORRAL SANCHEZ, MONICA	ESTIMAR	O CAMIÑO NON EXISTE. FORMA PARTE DE PARCELAS DE URBANIZACION URIOSTE, O VIAL NON EXISTE COMO TAL. ELIMINAR.
88	2011005751	13/04/11	GARCIA LOPEZ, LUIS MIGUEL	ESTIMAR	PROCEDE ELIMINAR NO TRAMO PRIVADO E MANTER O RESTO DE TRAZADO AO SER CEDIDO NO SEU DIA POR FADESA INMOBILIARIA.
89	2011005752	13/04/11	LISTA GOLAN, CARMEN	ESTIMAR	NO AMBITO DA PARCELA QUEDA ACREDITADO QUE NON É PUBLICO O SERA CO DESENVOLVEMENTO DO POL-40. NA REDE DE 1985 UNICAMENTE É PUBLICO AS CABECEIRAS DO CAMIÑO. PROCEDE EXCLUIR O TRAMO DE CAMIÑO DO INTERIOR DO POL-40.
90	2011005760	13/04/11	GAREA MARTINEZ, MANUEL	ESTIMAR	SEGUNDO ESCRITURA APORTADA É UN CAMIÑO DE SERVIZO NO PERIMETRO DA PARCELA IDENTIFICADA COMO POLIGONO CATASTRAL Nº 26 FINCA 31, PERO COMO CAMIÑO PUBLICO EN CANTO AO RESTO DE TRAZADO. CORRIXIR GRAFIANDO O TRAMO PRIVADO.
91	2011005839	14/04/11	PEREIRO BAREIRO, PABLO	ESTIMAR	PROCEDE ELIMINAR VIAL 90457
92	9999999999 9	08/04/11	TECNICOS MUNICIPAIS	ESTIMAR	ALEGACIONES DE INCORPORACION EN RELACION CON DISTINTOS TRAMOS NAS DIFERENTES PARROQUIAS.

SEGUNDO.- Aprobar a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal que está constituída pola seguinte documentación (nº Rexistro 379, de data 13.01.2012):

- Memoria.
- Anexo de fichas individualizadas.
- Listados dos camiños ordenados cando menos por referencia ao plano e por parroquia.
- Planos:

Planos sobre cartografía oficial do Concello a escala 1/4000:

Planos sobre ortofoto oficial do Concello a escala 1/4000:

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 61 05 26. www.oleiros.org



CONCELLO DE  
OLEIROS

TERCEIRO.- Integrar este documento como formando parte do Inventario de Bens Municipais.

CUARTO.- Proceder á publicación do acordo no BOP e no DOG e publicar tamén na Web Municipal.

QUINTO.- Notificar aos alegantes.

SEXTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos arts. 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao que reciba a notificación do presente acordo. Previa e potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición, de conformidade co art. 116 da Lei 30/92, no prazo de un mes, a contar do día seguinte ao que reciba a devandita notificación.

Tamén poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión, cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 118 da Lei 30/92, do 26 de novembro, pola que se aproba o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, nos prazos establecidos no apartado 2 do mesmo art. 118. Todo isto, sen prexuízo do dereito dos interesados a formular a solicitude e a instancia á que se refiren os arts. 102.1) e 105.2) da devandita lei."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de xaneiro de 2012.-

Vº e Praxe

**O alcalde,**

Ángel García Seoane

